



## Nº2. CIRCULAR INFORMATIVA CURSO 2022-2023

No comezo dun novo curso escolar comunícase as familias do alumnado, o seguinte

### PROFESORADO

#### 1.- EQUIPO DIRECTIVO

|   |                              |
|---|------------------------------|
| <b>Directora</b>  | D.ª Mª Jesús Rodríguez Eirís |
| Horario de atención ás familias*: Martes e mércores 9:00 a 9:50. Xoves 13:10 a 14:00      |                              |
| <b>Xefa de Estudos</b>  | D.ª Mónica López Vilariño    |
| Horario de atención ás familias*: Luns e martes de 9:00 a 9:50. Mércores de 13:10 a 14:00 |                              |
| <b>Secretaria</b>   | D.ª Mª Dolores Moreno Ramil  |
| A secretaría permanecerá aberta todos os días de 13:10 a 14:00                            |                              |

**\*Previa cita**

#### 2.- XEFATURA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

|   |                                |
|---|--------------------------------|
| <b>Orientadora</b>  | D.ª Mª Victoria Esteban Riesco |
| Horario de atención ás familias*: Martes e xoves de 9:00 a 9:50 |                                |

**\*Previa cita**

#### 3.- PROFESORADO TITOR

#### EDUCACIÓN INFANTIL

|  |  |
|--|--|
| <b>4º A ( 3 anos A)</b> Mª Monserrat Souto Calviño                       | <b>4º B ( 5 anos B)</b> D.ª Beatriz Vázquez Pena |
| <b>5º A ( 4 anos A)</b> D.ª Raquel Corcoba Martínez                      | <b>5º B ( 4 anos B)</b> D.ª Eva Avecilla Porto   |
| <b>6º A ( 5 anos A)</b> D.ª Mª Luisa Vázquez Reboredo                    | <b>6º B ( 5 anos B)</b> D.ª Rosa Anido Abeledo   |
| <b>Apoyo EI</b> : D.ª Rosario Costas Núñez e D.ª Paula Maceiras Martínez |  |

#### EDUCACIÓN PRIMARIA

|   |   |
|---|---|
| <b>1ºA.</b> D.ª Ana González Díaz-Faes                | <b>1ºB.</b> D.ª Irene Suárez Magide     |
| <b>2ºA.</b> D.ª Virginia Dávila Barba                 | <b>2ºB.</b> D.ª Mª José Vázquez Santiso |
| <b>3ºA.</b> D.ª Kimberly Pérez Mori                   | <b>3ºB.</b> D.ª Rebeca Roca Fraga       |
| <b>4ºA.</b> D. Manuel Abella Vázquez                  | <b>4ºB.</b> D. Daniel González Sánchez  |
| <b>5ºA.</b> D.ª Isabel Vázquez Mella                  | <b>5º B.</b> D.ª Miguel Diéguez Pérez   |
| <b>5º C.</b> D.ª Emma Enríquez Fontenla               |   |
| <b>6ºA.</b> D.ª Hugo Méndez Trelles/ D.ª Mónica López | <b>6º B.</b> D.ª Pilar Caamaño Cancela  |

#### 4.- PROFESORES ESPECIALISTAS:

|                       |   |
|-----------------------|---|
| Inglés                | D.ª Begoña Rodríguez García e Mª del Mar Rodríguez Gomez              |
| E. Física             | D.Hugo Méndez-Trelles Tejo e D.Pablo Jesús Lamas Nova                 |
| Relixión              | D.ª Mª Jesús Lagoa Area.  |
| Música                | D.ª Mª Dolores Moreno Ramil   |
| Pedagogía Terapéutica | D.ª Silvia Lozano Abuín, Marta Gestal Couso e Gisela Corral Rodríguez |
| Audición e Linguaxe   | D.ª Raquel López Fernández e Alba Ferreiro González                   |

#### PERSOAL NON DOCENTE

|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| Administrativa   | D.ª Mª Natividad Díaz Fernández |
| A administración permanecerá aberta ó público todos os días de 9:00/11:30 e de 12:00 a 13:45 |                                 |
| Coidadoras   | María José Ónega e Marisol Díaz |
| Conserxe   | María del Carmen Curto          |

**CALENDARIO ESCOLAR:** [ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

O calendario lectivo para o alumnado abrangue desde o día 8 de setembro de 2022 ata o día 21 de xuño de 2023 ambos incluídos.

- **Nadal:** desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.
- **Entroido:** os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.
- **Semana Santa:** desde o día 3 ata o día 10 de abril de 2023, ambos inclusive.
- **Día do Ensino (non lectivo): 31 de outubro de 2022**
- **Está pendente de aprobar no consello escolar un día non lectivo.**
- Antes das vacacións do Nadal, de Semana Santa e do final de curso recibirán o **Boletín Informativo** no que se reflicte o rendemento escolar do seu fillo/a.

## INSTRUCCIÓNS XERAIS

**AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO ESTÁN PUBLICADAS NA WEB NO APARTADO DE DOCUMENTOS DO CENTRO**

### 1.-ATENCIÓN ÁS FAMILIAS: DATAS E HORARIOS REUNIÓN FAMILIAS- TITOR-A

As titorías dos pais/nais e titores legais do alumnado ao profesorado do Centro serán todos os **luns lectivos** do curso de **16:00 a 17:00 Horas**. Lembramos que é necesario solicitar cita previa.

| <b>REUNIÓN XERAIS FAMILIAS (non poden acudir con menores)</b> |                |             |
|---|----------------|-------------|
| <b>CURSOS</b>   | <b>DATA</b>    | <b>HORA</b> |
| 4º EI   | 6 DE SETEMBRO  | 12:00       |
| 5º EI   | 12 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 6º EI   | 12 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 1º EP   | 26 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 2º EP   | 19 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 3º EP   | 26 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 4º EP   | 19 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 5º EP   | 26 DE SETEMBRO | 16:15       |
| 6º EP   | 19 DE SETEMBRO | 16:15       |

## 2.- ACCESOS AO CENTRO. ENTRADAS E SAÍDAS

| <b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b><br>(non se permite acceso adultos salvo circunstancias excepcionais) |   |
|--|---|
| <b>ENTRADAS</b>  |   |
| <b>PORTAS DE ACCESO</b>  | Calle Roberto Tojeiro (portalón sinalizado como acceso de 1º, 2º e 3º) e de Ronda de Outeiro.<br><b>O alumnado de EP poderá acceder pola porta que vos sexa máis cómoda, independentemente do curso, e dirixirse ás súas filas (a saída é diferente).</b> |
| <b>FILAS</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º e 2º EP : porche</li> <li>• 3º, 4º, 5º e 6º : pista cuberta</li> </ul>  |
| <b>HORARIO APERTURA PORTAS</b>   | 8:55 HORAS  |
| <b>HORARIO ENTRADA CLASES</b>  | 9:00 HORAS  |
| <b>SAÍDAS</b>  |   |
| 1º , 2º EP e 3º EP   | Porta de Roberto Tojeiro pola que entraron  |
| 4º EP  | Ronda de Outeiro (porta pequena de acceso)  |
| 5º e 6º  | Ronda Outeiro cruce con Pérez Ardá  |

| <b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>      |   |
|--------------------------------|---|
| <b>ENTRADAS</b>                |   |
| <b>PORTA DE ACCESO</b>         | Calle Roberto Tojeiro : Portalón sinalizado como tal  |
| <b>FILAS</b>                   | <b>Porche</b>   |
| <b>HORARIO APERTURA PORTAS</b> | 9:00 HORAS<br>Solicítase que saian pola <b>Ronda de Outeiro</b> para facilitar o tránsito de persoas. |

|                               |                                |
|-------------------------------|--------------------------------|
| <b>HORARIO ENTRADA CLASES</b> | <b>9:00 HORAS (5º e 6º EI)</b> |
|                               | <b>9:05 HORAS (4º EI)</b>      |
| <b>SAÍDAS PORCHE</b>          |                                |
| <b>13:50</b>                  | <b>4º EI</b>                   |
| <b>13:55</b>                  | <b>5º EI E 6º EI</b>           |

#### **HORARIOS MAÑÁ:**

- **Apertura cancelas exteriores 08:55 h.**
- **Peche cancelas exteriores 14:10 h**

#### **HORARIOS TARDE:**

- **Apertura cancelas exteriores 15:50 h.**
- **Peche cancelas exteriores 18:10 h**

❖ A fin de evitar conflitos innecesarios **prégase puntualidade nas entradas e saídas**, tendo en conta que dita puntualidade consiste en chegar co tempo xusto nin antes nin despois. **As portas do colexio, para a entrada ás aulas, ábrense ás 9:00 horas**, despois desa hora deberá xustificarse debidamente o retraso; sendo motivo da posta en marcha do **Protocolo de Absentismo** a reiterada falta de puntualidade, segundo o NOF.

❖ Os pais/nais non entrarán co seu vehículo particular no aparcadoiro e aqueles que accedan andando deben utilizar as portas pequenas do patio, **nunca** o portalón dos coches. Este é un punto de especial consideración e dependerá do bo facer de todos-as o evitar calquera mal maior.

❖ Se algún alumno-a precisa **saír do centro en horario** lectivo deberá facelo sempre acompañado dun adulto que se identificará e responsabilizará del, axustándose ó horario de recreos na medida do posible, segundo o NOF do centro e avisará previamente ó profesorado titor. Seguirase o protocolo ao efecto polo que, para as recollidas neses horarios, diríxanse á Conserxería, e firmarán o xustificante correspondente.

❖ Aquel alumnado que teña que incorporarse ao centro despois das 09:00h debe facelo en compañía dun adulto e **sempre a través de conserxería**. Os adultos non poden acceder ás aulas.

❖ **AVISO IMPORTANTE: Todo o alumnado leva o documento de autorización de recollida para a saída do centro se os pais/nais/titores legais non os podedes recoller á saída. Só se pode autorizar para saír sós-soas ó alumnado de 5º e 6º EP.**

### **3.- COLABORACIÓN NOS RECREOS**

Polo risco de que persoas estrañas, **durante os recreos**, poidan darlle ao alumnado produtos non desexados, tales como alimentos perigosos, larpeiradas e outros, ou se dirixan a dito alumnado de forma non correcta, e ante a imposibilidade de coñecer a todos os parentes relacionados cos nenos/as, rogámoslles que **non promovan o seu acercamento ó peche do patio** (algo que o alumnado non ten permitido e lle podería carrexar algún tipo de falta disciplinaria). En caso de

que sexa necesario entregarlles algo ou darlles calquera recado urgente, fágano a través de Conserxería. O acceso pola entrada principal.

#### 4.- ORIENTACIÓNS PARA O ESTUDO

- ✎ Débese **estimular e favorecer o estudo e traballo persoal** do alumnado, fomentando hábitos de traballo que supoñan unha dedicación temporal diaria segundo a idade e curso.
- ✎ É necesario **programar axeitadamente o xogo e o tempo libre** da nena e do neno, procurando que a hora de deitarse sexa a adecuada para un descanso completo e reparador.
- ✎ Convén **interesarse polo seu traballo diario** e seguir o seu proceso de desenvolvemento en estreita colaboración co profesorado titor.
- ✎ Deberase **valorar obxectivamente a avaliación** emitida sobre o seu rendemento, adoitando accións positivas en perfecta coordinación co profesorado.

#### 5.- CUESTIÓNS DE CONVIVENCIA.

✎ É importante colaborar na organización do Centro, **non permitindo que o alumnado traia ó Colexio útiles non escolares** como reprodutores, xogos non didácticos, xoguetes, móbiles, etc que poidan distraer a súa atención. Especial coidado débese ter con obxectos punzantes ou perigosos que, en caso de ser descubertos, serán retidos no Centro ata que un adulto os reclame, ou sexa requirida a familia correspondente.

✎ É moi importante **colaborar co profesorado na consecución, control e mantemento de hábitos de convivencia e respecto mutuo**, tendo en conta que as normas establecidas son consecuencia dunha elaboración e estudo por parte do conxunto da Comunidade Educativa. A formación completa do alumnado require a súa integración progresiva na sociedade aprendendo as regras que lle permitan ó cabo dos anos, formar parte activa dela. Esta **formación comeza na familia e continúa na escola, por iso é tan importante a colaboración e respecto entre ambas.**

✎ Remárcase a publicación da **Lei 4/2011 de Convivencia e Participación** da Comunidade Educativa e do D. 8/2015 que o desenvolve. Norma que dende a Comunidade Educativa do CEIP San Francisco Javier recoñecemos como de especial interese o seu coñecemento.

✎ Se algún alumno-alumna ten algunha **afectación** de tipo alérxico, alimentaria ... a familia deberá notificalo por escrito en administración do centro. Asemade se hai algunha situación de **patria potestade, garda custodia...** achegando a documentación orixinal.

#### 6.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR:

En canto ao tratamento que se faga dos libros (forrado, rotulado...) é preciso que sigan as instrucións que faciliten ao alumnado o profesorado.

En canto ao material de aula, cada nivel solicitará aquilo que considere minimamente imprescindible para o mellor uso e aproveitamento nas aulas. As relacións dos mesmos se lles facilitará ao alumnado e estará exposto na páxina web do centro.

#### 7.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

#### DATA DE COMEZO. 3 DE OUTUBRO

Xestionadas pola ANPA. Información <http://www.anpacubela.es/>

## **8.- COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES.**

Xestionado pola ANPA. Información <http://www.anpacubela.es/>

## **9.- USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:**

As instalacións exteriores, recinto escolar e pistas polideportivas, son só para uso dos nenos e nenas matriculados no Colexio. Ditas instalacións, **fóra do horario lectivo**, só poden ser utilizadas polo alumnado que participe nas **actividades extraescolares** que figuran no Plan Xeral Anual.

Para unha utilización distinta das instalacións, ben sexan as exteriores ou as do propio edificio, será necesario solicitar a correspondente autorización segundo o establecido na Orde do 22 de xullo de 1997.

**Neste senso lémbrese que os xogos infantís que se atopan no patio son de uso exclusivo de alumnado.**

**O CENTRO dispón da páxina web, que se emprega como medio de comunicación e información do centro coa comunidade educativa:**

**<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanfrancisco/>**

A CORUÑA, SETEMBRO DE 2022

SAÚDALLES ATENTAMENTE O EQUIPO DIRECTIVO DO CEIP SAN FRANCISCO JAVIER